

Sentimentos dun quixote da terra chairega

Nun lugar da terra chairega na comarca de Vilalba, vivía un home de constitución ben forte, pel ben curtida polo traballo do campo, ollos de curuxa, dentes de rato e solteiro xa entrado en anos. Vivía na compañía da súa irmá Rosenda, tamén solteira. Victor era solteirón pero namorado, o seu corazón suspiraba por unha veciña da parroquia que vivía nunha boa casa, de familia ben adiñeirada, cortexaban dende mozos, ela non era en beleza moi agraciada, rubia, cabelo máis ben roxo e tiña moitas pencas; o seu nariz ben se parecía ó bico dun merlo, pero tiña uns ollos preciosos verde mar e un corpo de figurín. A moza era espelida, de xeito cariñoso e humilde, pero o que máis asustaba aos mozos da vila non eran os cartos da familia senón o nariz que ela tiña, polo que lle puxeron o alcume de: “Bico Merlo”. Victor e Mariquiña queríanse moito, vianse as agochadas polas corredoiras e pasteiros: cando o mozo levaba a lindar as vacas, ou ía rozar os toxos dos cómbaros e leiras; aproveitaban calquera lugar ou momento: cando ía moer a fariña ó muíño, lavar a roupa ó río, no tempo das segas e das mallas, na saída da misa os domingos....pero non casaron, todo o máis ao que eles chegaron foi a palabras de amor correspondido e algún que outro bico. Victor non era do agrado dos pais de Mariquiña por ser de pobre condición, e así pasaron os anos pois tampouco houbo algún mozo rico que quixera a rapaza.

O tempo pasou e Victor fíxose un tanto folgazán e toleirán, soía refuxiarse nas cantinas tomando uns chanqueiros de viño ou calquera cousa que lle ofreceran; tal tempo pasou que case estaba máis preto de coller a xubilación que de outra cousa, e a súa testa deu en barrenar chegando a pensar que levaba moito tempo facendo o mesmo e aínda non casara con Mariquiña. Unha noite na cantina, deulle por coller un libro do neno que había alí, comezou a ler, pasou páxina tras páxina, quedou tan engaiolado coa lectura, que bebeu e bebeu ata case acabar o barrico do viño e a lectura do libro. Dito libro falaba dun tal Quixote da Mancha.... E xa de madrugada cando levaba unha boa chea decidiu ir para a súa casa, quedou a dormir na palleira pois non era quen de abrir a porta. O día seguinte despois de dormir toda a mañá, e despois de darlle moitas voltas á cachola, un pouco pola idea que se lle meteu e outro tanto pola chea da noite anterior, vai na procura da súa irmá, tiña que falar con ela. Rosinda estaba a facer o caldo de nabizas, o pé da lareira, eran tempos de entroido, ata estaba a pensar facer unhas filloas e unhas orellas cando sinte chegar o Victor e dille

- Home, por fin asomas a orella, non se che veu o pelo en toda a mañá tiven que facer eu soa todas os labores.

- Victor contesta : Teño algo moi importante que dicir, vou ver mundo quero ver o mar, xa hai moito tempo que non o vexo, case o esquecín; sempre estiven aquí aferrado, quero saír coñecer

mundo, meditar..., e ao mellor chego a ser do agrado dos pais de Mariquiña e así poder casar con ela. Rosenda ó oír isto a súa faciana volveuse chea de anoxo e dille :

- Seica que toleache, non che fixo ben o viño de onte, pensas que así che van a querer, nin que foras un mozo.¿ Agora a túa idade pensas facerte un home? A boa do Bico Merlo nunca quixo levar a contra aos seus pais, e tí , nunca te decidiche a levárllela a ela tampouco, agora xa tedes máis ben un pé do outro lado, xa estades para vestir santos.

Victor non conforme díxolle a súa irmá:- Vou emprender unha aventura, fareime un gran home, esculpíreme de coñecemento e voltarei pola miña Dulcinea que é Mariquiña ou Bico Merlo, como a queiras chamar.

Chegada a tarde, Victor achegouse o pobo e merca unha motocicleta, a que chamou Rocinante, e sen pensalo máis, emprendeu camiño con ela, cara a Mondoñedo pola estrada nacional – 634 – xa era case de noite, pensou que ía ser moi aburrido emprender esta aventura de ver o mar, el só, aínda que levase o transistor pequeno con el ,xa pasara Goiríz, e acordouse que tiña amigos na parroquia de Carballido; co cal, colleu a corredoira que levaba a parroquia, alí estaban en festas do Entroido. Victor chegou ó recinto da festa, no palco estaba amenizando unha orquesta, arrimouse á cantina que alí había e decidiu non beber necesitaba ter as ideas moi claras para levar a cabo a súa aventura .mirou arredor do campo, había moitas máscaras bailando dun lado e de outro, vestidos de fadas, de demos,de bruxas, de pantasma, de soldados, de indios, de vaqueiros. O que máis lle gustou foi o carneiro, alí estaba cos adornos nos cornos e na testa coma un oficial do exército, levaba tamén un lucido carro xunguido. O Carneiro amosaba estar tranquilo e apacible, observando os saltos e brincos das máscaras que bailaban ó son da música. Victor achegouse a el e díxolle:

_ Estás a pensar o mesmo ca min ¿Están algo tolos non é? _ Sí, é unha maneira de fuxir da realidade, contesta, transformándose noutro ser durante unhas horas.

. Victor pasmado responde: -_¿ Non sabía que os carneiros falasen!, e bébedo non estou, pois viño non bebín e a auga non creo que emborrache.

De súpito érguese unha máscara que estaba agochada detrás do Carneiro e do carro e dille ríndose:

_¿ Ha, ha, ha., ha, ha.....¿ Entroido, non home non! De momento os carneiros non falan, son eu o que falou.

- ¿E quen eres ti? Preguntou Victor.

E a máscara dixo: - Sonche Suso de Taboada ¿lembras? .

- Sí, arre demo , como non me vou acordar, somos dunha quinta, fixemos a mili xuntos no cuartel de Figueirido en Pontevedra. Sí, o sí, que cando faciamos a instrución sempre te trabucabas ao marcar o paso, e o sarxento Xalmírez ordenouche poñer unha zapatilla branca nun pé e unha negra

noutro para non te confundires; e dicíache: - Dereita branca, esquerda negra, dereita branca, esquerda negra....e así foi como aprendiche.

Falaron un bo anaco,e despois de contarlle o seu plan , Suso decidiu irse con el de aventura.. Non tiña nada que perder, iría de Sancho Panza e levaría o seu Carneiro. Encheron o pequeno e lucido carro de víveres para o camiño, e alá foron hacia Mondoñedo, Victor coa súa motocicleta Rocinante e Suso co Carneiro que chamou Pacífico polo seu ánimo tranquilo. Foi unha viaxe longa, dura e difícil, pois o pobre Carneiro non lle daba andado a Rocinante e cando a perdían de vista guiábanse polas rodeiras marcadas por ela. Victor en tanto, paraba de cando en cando para dar renda solta : aos recordos, as ilusións, os propósitos, que se daban cita na súa mente e en todos eles sempre estaba presente a imaxe da súa Dulcinea.

Así emprenderon a súa viaxe, cheos de alento e ánimo, xa cando pasaron Abadín e o porto da Xesta, viron dun lado e doutro das montañas uns obxectos extravagantes, altos dereitiños coma unha vela, .Victor detívose , esperou e díxolle a Suso:

- Isto é unha marabilla o cume das montañas parece tocar o ceo e eses paos tan altos teñen que ser muiños de vento, como no libro de Don Quixote. Son xigantes, imos acercarnos a eles.

- ¡ Si, Don Quixote si, muiños de vento ha! En realidade son eólicos e serven para producir enerxía eléctrica..Contestou Suso, e de seguido reprende a Victor dicíndolle : - Non se che ocurrirá loitar con eles sonche moi duros, podes quedar estartelado no sitio. Pensa na túa Dulcinea quedaría solteira e viuva á vez para o resto da vida.

- Victor recapacita e di : Está ben, pero imos por este lado do monte.

E pisando unha alfombra chea de cores metéronse polo medio das carballeiras, fragas, andaron e andaron , parecíalles estar nun conto de trasnos e fadas. As brétemas cubrían como un manto aquel lugar, os sons das curuxas,dos mouchos e algún que outro lobo sinalaban que a noite estaba a chegar. Arrimarónse a un groso Carballo cunhas longas e espesas pólas que facían de teito ós novos inquilinos. Tiñan de candil a lúa chea e dáballes calor a pelaxe do Pacífico. Alí cearon do que traían no carro e alí pasaron a noite ata ó amencer, mortíños de medo por se aparecía algunha meiga ou vicho raro.Ó clarexar o día espertaron co ruxido dun corzo, acompañado do canto dos merlos, dos estorniños, dos pombos, o cacarexar das perdices e as rulas. Mesmo viron fozar co fuciño na terra a un xabarín co que se asustaron e colleron moito medo. Xa non sabían onde estaban, si en Montouto, si en Labrada, pois andaron tanto que a noción do tempo e do lugar perderon.

Continuaron o camiño grazas ao bo olfacto de Pacífico ata chegar a Mondoñedo. No traxecto seguiron a atopar muiños de vento, cabalos, montañas, vales, ríos, gando,...ó chegar a Mondoñedo, era case entrada a noite e decidiron pasala no convento de San Martiño de Vilalourete, sito nunha ladeira ás aforas do núcleo de Mondoñedo, cun certo encanto nas súas ruínas. Aquela noite tamén foi

de moito medo, pois parecíalles sentir cantos relixiosos no eco daquelas paredes, parecíalles estar rodeados de pantasmas franciscanos, ata o Carneiro movía moito as orellas, parecía alterárselle o espírito pacífico que el tiña. Comezaron a ter algún que outro visitante, os morcegos non paraban de pasar dun lado a outro, e algún que outro intruso intentou entrar no carro, un ratiño pequeno subiu paseou por todo sen deixar nada que olfactear, e deulle unhas cantas dentadas ao queixo e ao pan, Pacífico dándose conta pensou: “ a fame eche moi negra”, virou a testa e abreu a boca, botou un bafido e aspirou o ratiño; pero como tiña tan bo corazón e aquilo non era a súa comida preferida, sentouno na abertura das súas orellas. O ratiño aturdido polo sucedido quedou alí moi caladiño.

Marcharon de alí nada máis chegar o amencer, e foron dar a Cova do rei Centolo. Chegaron a entrada, cansos todos eles do duro camiño. Acercouselles un campesiño daquela zona, e mentres tomaron descanso contoulles a lenda.:

- O rei Centolo era dono e señor de todo o val de Brea, tiña unha fermosa filla chamada Xila que estaba namorada dun Conde. Pero un feiticeiro estaba celoso dese amor e sepultou o reino de Centolo no interior da terra. Segundo a lenda a bela princesa todavía espera que un cabaleiro valente a volva a vida.

Victor pensou e dixo en voz alta : - Mala centella, teño que rematar a viaxe e volver a ver o meu Bico Merlo de Mariquiña que seguro estará esperando por mín. Vamos de contado.

– Espera non teñas tanta présa, dixo Suso, eu quería parar en Mondoñedo, quería mercar unha torta, desas tan famosas, unha torta do “rei das tartas”.

E Victor contesta pois é mellor mercala á volta.

E seguiron a ruta pasando por distintos pobos: Vila Nova de Lourenzá, o Val de Cainzo, Vilamar... Respirando un novo perfume a eucalipto e brisa do mar, estaban a chegar a Barreiros, por fin chegaron a meta, estaban a pisar as praias de Benquerencia e San Miguel de Reinante. Abraiados polas novas sensacións que producía a visión do abrazo do ceo co mar, as gaivotas voando, as rochas esculpidas polas fortes mans das ondas do mar, os saúdos da brisa mariña perceptibles na súa pel, o suave tacto da area cubrindo os pés, e o ritmo musical das ondas acompañado polas notas dos sons das gaivotas. ata o Carneiro comezou a brincar e bailar e o ratiño saiu da orella de Pacífico e atreveuse a mollar os pés.

Mentres, Victor e Suso sentaron nas rochas, observaron naquela paisaxe e meditaron durante horas, ata que Pacífico atopou unha botella de cristal, apretouna cos dentes e levoullela. Victor colleu a botella era de cristal e tiña un papeliño dentro, motivado pola curiosidade , abriu a botella e sacoulle o papel. .Había algo escrito e leu :

- “ Se atopas a herba da namorar nesta costa, colle un talo, gárdao no máis próximo ó teu corazón atoparaste a ti mesmo e atoparás valor para declarar o teu amor a túa namorada e casar. Victor paseou

polos pedregais da praia, buscando polo medio dos arbustos e flora que rodeaba o paseo da praia, non tardou moito en atopala, e fixo tal como poñía no papel.

Respirou fondamente, e díxolle a Suso : Imos de volta a Vilalba.;

Ao que Suso respondeu: - Imos logo, eu tamén disfrutei desta viaxe pero ao meu Carneiro xa lle tardan as verzas e o farelo, e volvemos para Carballido.

O caso é que o larpeiro do ratiño montou de novo na orella do Carneiro pois sospeitaba poder ter un futuro mellor.

De volta a Vilalba, Victor foi ver a súa namorada, e cal foi a sorpresa que ela xa non tiña bico de merlo, caera e rompera o fociño, quedou tan ben cosidiño que quedou moi bonitiño. Os pais de Mariquiña viron en Victor un novo don de emprendemento e deron por ben feito que eles casaran. Victor e Mariquiña casaron, Suso foi padriño de voda e o Carneiro foi de invitado cunha cravata amarela. Foi un gran día na vila e repicaron as campás ata o atardecer. Conservando consigo o talo da herba de namorar e o anaco de papel, Victor falou aos seus convidados e díxolles:

- Todos nós como individuos e humanos, levamos un Quixote no noso interior, o que nos fai demostrar unha certa loucura na procura das cousas e no encontro dun mesmo.